

EL ESCRITOR DE UN PAÍS SIN LIBRERÍAS

Marc Serena, 2019

623

PASE ÚNICO EN NUMAX: 30.12.2019 | V.O.

El escritor de un país sin librerías (2019, 82')

Dirección: Marc Serena

Guión: Marc Serena

Participación: Juan Tomás Ávila Laurel

Son: Verónica Font

Música: Concha Buika, Pau de Nut, Negro Bey, Jamin, Charli Weezy

Fotografía: Josep Gutiérrez

Montaxe: Emanuele Tiziani

Produtora: Fora de Quadre, Toned Media

Distribuidora: Toned Media

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Español, Criollo annobonés

FILMOGRAFÍA

Peces de agua dulce

(*en agua salada*), 2018

Tchindas, 2015

SINOPSE

Guinea Ecuatorial independizouse de España hai 50 anos e agora é un dos países máis illados de África. Adentrámonos nel en compañía do escritor máis traducido do país, Juan Tomás Ávila Laurel, que en 2011 tivo que refuxiarse en España por denunciar a ditadura de Teodoro Obiang, a máis lonxeva do mundo. A través dos seus libros descubrimos un recuncho de África que vive aínda baixo o impacto de dous séculos de dominación colonial.

«Un filme necesario para descubrir a outra cara dun país que un día foi español»

Eduardo de Vicente, EL PERIÓDICO

OS OLLOS VERDES

OCINEMA INÉDITO DE NUMAX

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



«Romper a tradición de tapar o guineano é moi difícil»

Entrevista con
Juan Tomás Ávila Laurel
Por Juan Roures

En 2011 realizaches unha folga de fame no teu país, que te levou a iso?

A situación de desaparición, a represión continua, a falta de liberdades, mesmo de materiais... Naquel momento o norte de África estaba a arder por mor da Primavera Árabe e visitounos o presidente do congreso dos deputados de España, José Bono, quen se reuniu con Teodoro Obiang, o ditador de Guinea, para reforzar os lazos entre ambos os países. Sentín que viña tranquilizar ao ditador, non a preocuparse polo pobo guineano, e indigneime. Como non pertencía a ningún partido político, optei por este acto de protesta.

Desde entón vives refuxiado en España. Es guineano, español, ámbalas dúas cousas...?

Vivo en España desde 2011, si, pero son guineano. Non teño pasaporte español, só un documento de residencia. Eu nacín en 1966, dous anos antes de que Guinea se independizara de España, así que estou entre dous mundos... E quizá en ningún, xa que os guineanos perdemos a nacionalidade española coa independencia e, cando deixamos Guinea durante moito tempo, quítasenos tamén a nacionalidade guineana como castigo... Os vínculos históricos son moi fortes, pero eu non me considero español e desde logo España non me considera español.

Como é vivir entre dous mundos?

En realidade, no superficial a vida en España e Guinea non é tan diferente. A fin de contas, os países colonizados buscan calcar os costumes dos países colonizadores. Guinea ten un estilo distinto, claro, pero hai moitas similitudes, polo menos cando tes

determinado poder adquisitivo. O que realmente cambia é a concepción da democracia e os dereitos humanos. En España a xente ten dereito a protestar polo que considera inxusto; en Guinea, non. E é moi difícil acceder á cultura; eu son escritor e apenas teño formas de acceder á literatura alí. Guinea non desenvolveu determinadas técnicas nin determinada infraestrutura para evitar depender do exterior.

España e Guinea Ecuatorial teñen unha relación histórica e, con todo, alí sábese todo de aquí e aquí, nada de alí...

Exacto. Porque as autoridades españolas, incluso o pobo español, así o queren. Ninguén ama o que non coñece, e Guinea en España non se coñece nin parece querer coñecerse. Supoño que é unha estratexia para evitar pensar en determinados temas embarazosos. Borrarr Guinea da axenda política é o camiño máis fácil. E é triste, porque non hai persoas guineanas visíbeis na sociedade española. De feito, os meus últimos libros nin sequera se publicaron en España, senón que han ir directamente a outros países. Con este documental tentamos botar luz sobre o asunto, pero tivemos moitas dificultades para facelo e para distribuílo. Romper a tradición de tapar o guineano é moi difícil.

Como xurdiu a túa participación nesta película?

Son coñecido por dar a cara en Guinea Ecuatorial, entre a folga de fame e os meus escritos. Cando vivía alí, escribía cousas que asustaban aos mesmos guineanos, e haberían asustar aos españois se as lesen. Marc Serena ten unha forte conexión con África: adoita asistir ao festival de cinema africano de Tarifa-Tánxer e hai uns anos rodou *Tchindas* (2015) en Sao Vicente, unha pequena illa de Cabo Verde. Como amante de África, é lóxico que Guinea Ecuatorial, ex colonia española, lle atraera. A través de amigos comúns, decidimos embarcarnos nesta viaxe xuntos.

E como te sentes cando ves Guinea representada noutras obras? *Palmeras en la nieve* (Fernando González Molina, 2015), por exemplo, foi un éxito en España...

Non quero falar mal da obra de ninguén: cada un fai o seu esforzo. Pero debemos loitar para que a intención de ocultar o guineano deixe de existir. O exotismo de *Palmeras en la nieve* non é un problema, ou non o

sería de non ser porque despois tápase a realidade de Guinea Ecuatorial e, por tanto, os españois só coñecen esa. Buscar relacionar o meu país con algo falso si é perigoso, gustaríame que se empezase a falar de Guinea sen dar tantas voltas, que se deixase de marxinarlos.

Publicado en elantepenultimomohicano.com
Tradución: Olalla Cociña

O director

Marc Serena (1983) debutou coa longa *Tchindas* (2015), nomeada aos AMAA, os Oscar do cinema africano. Codirixiu *Peces de agua dulce (en agua salada)*. É autor de tres libros, entre os que se inclúe un retrato do continente africano a través dos seus amores prohibidos: *¡Esto no es africano!*

OS OLLOS VERDES

O programa *Os ollos verdes*. O cinema inédito de NUMAX proxecta obras recentes que non foron estreadas comercialmente en España. Filmes que procuran novas formas e linguaxes para o cinema e cuxa calidade vén refrendada cos premios e seleccións en festivais de relevancia internacional.

O **estudantado da USC** inscrito no ciclo pode acadar **1 crédito ECTS** coa súa asistencia a un mínimo de 12 sesións d'Os ollos verdes e a realización dun traballo final, grazas á colaboración da Universidade de Santiago de Compostela. Máis información en comunicacion@numax.org

NA LIBRARÍA NUMAX

Cuando a Guinea se iba por mar,
Juan Tomás Ávila Laurel. Carena

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org